

## VALIDACIÓNS, ADAPTACIÓNS E RECOÑECIMENTOS

### Curso 2017/2018

CASO 684/461 Data 30/11/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación parcial dunha solicitude de recoñecemento de créditos. A non existencia de convenios, táboas de recoñecemento e/ou antecedentes non presupón a non existencia dun marco normativo aplicable e o seu descoñecemento non exime a quen debe tomar decisións ao seu amparo cando o fai de forma arbitraria e conculca dereitos recoñecidos.
Inicio: 07/12/2017		
Remate: 18/12/2017		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Unha vez presentada a reclamación nesta oficina, a reclamante presenta outra ante o reitor polo que se lle comunica a non admisión a trámite, motivada no artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario.

### Curso 2016/2017

CASO 671/448 Data 01/08/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Non lle recoñeceron todas as materias que levaba no seu contrato Erasmus+ no curso 2014/15 e non se dá conta disto ata abril de 2017, en que intenta solucionalo en contacto coa Administración do seu centro, sen que polo momento se solucionase o asunto. Tanto no curso 2015/16 como no 2016/17 aparece matriculado automaticamente en dúas das materias que presumía recoñecidas, e o 28 de xuño presentou o TFG ao seu titor, quen lle comunicou un días despois que o aprobara cun sete.
Inicio: 01/08/2017		
Remate: 27/09/2017		
	Actuacións	Coordinadora de Erasmus no centro.
	Resolución	<p>O asunto iníciase tras un contacto telefónico do alumno coa nosa oficina, en que pide a nosa implicación para que na Administración do centro lle corrixan, sen máis dilación, o seu expediente académico.</p> <p>Contactamos coa coordinadora de Erasmus do centro, quen, a pesar de estar desfrutando do seu período de vacacións fóra de Galicia, comunícanos que o día 8 de agosto, aproveitando o seu paso pola Coruña, consultará o expediente do alumno e nos informará ao respecto.</p> <p>Tras informar disto ao interesado por medio dun correo electrónico enviado o 02/08/2017, o 07/08/2017 ten entrada na nosa oficina unha reclamación formal do interesado, enviada a través dunha oficina de correos o 04/08/2017. Ademais de ao valedor universitario, a reclamación vai dirixida ao reitor, ao decano, á actual coordinadora e ao anterior coordinador de Mobilidade do centro.</p> <p>O 11/08/2017 de agosto notificamos ao alumno a interrupción da intervención da nosa oficina no seu caso, cumprindo co artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, ao tempo que lle comunicamos que, se unha vez recibida resposta á súa reclamación o precisa e o considera oportuno, pode poñerse de novo en contacto connosco.</p> <p>O 27/09/2017 recibimos un escrito asinado polo decano e a vicedecana de Relacións Internacionais de Estudantes do centro (coordinadora de Mobilidade), en que se detallan as dilixencias administrativas e as circunstancias en que se produciron. A análise do caso faise por parte da Comisión de Mobilidade, convocada para tal efecto. No relato do alumno teríanse producido erros de gravidade e afirmacións falsas, mais tendo en conta que unha desacertada decisión adoptada pola coordinadora en beneficio do</p>

---

alumno en setembro de 2015 puido estar na base da situación, a Comisión acorda dar todas as facilidades legalmente posibles ao alumno para arranxala.

---

## Curso 2015/2016

CASO 616/393 Data 17/11/2015

Reclamante: Alumno      Motivo      Desestimación, por parte do centro, dunha solicitude de recoñecemento de créditos por prácticas externas realizadas entre o 18/09/2006 e o 02/01/2007 a través dun convenio entre a FUAC e unha empresa.

Inicio: 17/11/2015

Remate: 20/11/2015

Desestimación de validación de créditos en relación cun contrato de mobilidade ERASMUS no curso académico 2003/2004.

---

Actuacións      Normativa e Administración do centro.

---

Resolución      Informáselle ao alumno da improcedencia das súas pretensións con base nos argumentos que, de seguido, resumimos:  
*Sobre a validación de créditos en relación co seu contrato de mobilidade ERASMUS*

*A resposta que lle proporcionou a coordinadora de mobilidade da ORI parece clara no sentido de que a non formalización completa no seu momento dos documentos requiridos, de acordo coa normativa en vigor, dando plena validez ao seu contrato de mobilidade como alumno ERASMUS, e a non reclamación en prazo fan xa inviable calquera tipo de reclamación ao respecto no momento actual.*

*As materias cursadas como ERASMUS foron cursadas, en todo caso, en tanto que alumno matriculado na Universidade da Coruña, polo que formalmente tampouco resultaría viable a súa validación pola vía do recoñecemento ordinario de estudos cursados noutra universidade. En calquera caso, e para unha maior seguridade xurídica, pode vostede, se o desexa, formular un recurso de alzada, no que se dirimirán definitivamente, no ámbito da universidade, todas as cuestións técnicas que for preciso.*

*Sobre o recoñecemento das prácticas na empresa \*\*\**

*Unha vez máis, a non formalización da solicitude en tempo e forma do recoñecemento das prácticas profesionais parece facelo xa inviable.*

*O Real decreto 592/2014, do 11 do xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, segue a establecer a necesidade dun convenio de cooperación educativa entre as universidades e as empresas, xa requirido no derogado Real decreto 1497/1981, do 19 do xuño, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro. O art. 7.2 do actual real decreto recolle explicitamente que "os convenios establecerán o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora, a universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada a esta última".*

*Pero, ademais, e como vínculo indispensable para o recoñecemento académico das prácticas, o RD 592/2014 incorpora a figura do "titor académico"*

*Tanto o Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro do 2015, como o Manual de apoio para a xestión das prácticas externas nas titulacións de graos e mestrados impartidos no centro, axústanse ao estipulado no RD 592/2014, polo que a resolución desestimatoria da solicitude de validación asinada polo director do centro con data 22 de outubro de 2015 parece axustada a dereito.*

*Por outra parte, a disposición transitoria do Regulamento de*

---

---

*prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña só recolle unha moratoria de tres anos para axustarse ao regulamento para aquelas prácticas que se estean a realizar no momento da súa aprobación. As ditas prácticas xa se viñan realizando con base en convenios de colaboración para o desenvolvemento de programas de cooperación educativa asinados entre a Universidade da Coruña e a empresa colaboradora, nos que se recollía explicitamente a figura do titor académico cun papel de supervisión e avaliación.*

---

## Curso 2014/2015

**CASO 585/362** Data 15/01/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	No pasado curso académico cursou estudos como alumno Erasmus e no seu centro non lle recoñecen a cualificación dunha das materias que aprobou na universidade de destino, debido a que a suspendera con anterioridade na UDC.
Inicio: 16/01/2015		
Remate: 04/02/2015	Actuacións	ORI e dirección do centro.
	Resolución	<p>Solicítase información á ORI e á vicedecana de Estudantes e Internacionalización do centro.</p> <p>No detallado informe que nos remite a vicedecana o 26/01/2015 apréciase que no primeiro contrato de estudos (14/05/2013) e na súa 1.ª modificación (28/10/2013) non se incluían materias suspensas. Con posterioridade o alumno preséntase na UDC ao exame da materia obxecto da reclamación, no cal acadou unha cualificación de suspenso. Nunha 2.ª modificación para o segundo semestre, o alumno inclúe esa materia suspensa, e a vicedecana asina o contrato sen detectar o erro (12/02/2014). Ao cabo dunha semana, o alumno pide unha nova modificación do contrato de estudos para substituír a materia en cuestión por outra que tampouco cumpría coas normas establecidas. A vicedecana detecta o erro e envíalle un correo para lle comunicar que “as materias suspensas non se poden incluír nos contratos de estudos” (25/02/2014). O alumno responde aos poucos minutos e recoñécelle á vicedecana que descoñecía esa cláusula e que, polo tanto, ao non poder realizar esa modificación, entendía que se quedaría co antigo contrato. A vicedecana comenta no seu informe que esa norma estaba publicada na páxina web do centro e que o alumno xa fora advertido cando se elaborou o primeiro contrato de estudos.</p> <p>O 27/01/2015 informamos o alumno de que o erro cometido na 2.ª modificación do contrato de estudos resultaría de moi difícil rectificación, pois implicaría a conculcación dunha norma académica básica, ao aceptar que un estudante da UDC gozou de dúas convocatorias nun mesmo curso académico (unha na Universidade de orixe e outra na de destino) para superar unha mesma materia, que lle asistiría o dereito a reclamar (tendo en conta os prexuízos que o erro plasmado no contrato lle puidesen ter ocasionado), mais que dos feitos narrados, cabía deducir que era coñecedor da irregularidade producida na 2.ª modificación do seu contrato de estudos (ademais de dispoñer doutras fontes de información, tras formular unha 3.ª modificación para cambiar unha materia suspensa por outra, a vicedecana viña de notificarlle que “as materias suspensas non se podían incluír nos contratos de estudos”) e, con todo, non advertiu explicitamente diso á vicedecana. De terlle advertido do erro, todo parecía indicar que o asunto se tería arranxado en tempo e forma. O informe conclúe comunicándolle: “Ante un pronunciamento do centro contrario aos seus intereses, quedaríalle a vostede a posibilidade dun recurso de alzada ante o reitor, pero tendo en conta todo o antedito, e dado o tempo transcorrido dende que sucederon os</p>

---

feitos, o asunto non parece ter xa unha solución axeitada”

O propio día 27 de xaneiro, aos poucos minutos de remitirille o informe, e o 3 de febreiro, o alumno remíteme dous breves correos en que cuestiona a actuación da Oficina do Valedor Universitario por non axudar en nada ao estudante, por responder aos correos e ao teléfono cando nos dá a gana nun tema que necesita resolver con urxencia..., e pregunta se se lle vai contestar ou proporcionar algún modelo de recurso de alzada que poida presentar para resolver o seu caso.

O 04/02/2015 remítolle un último correo ao alumno en que lle fago ver, de novo de modo claro e amplamente motivado, o errado do seu criterio e infórmoo dos aspectos legais que debe considerar para a formulación dun recurso de alzada, detallándolle o contido dos artigos 110 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

---

### Curso 2012/2013

#### CASO 496/273 Data 03/01/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación polo centro de recoñecemento de créditos de materias de grao por un ciclo formativo de grao superior (plan LOXSE). No centro argumentan, como motivo do non recoñecemento, o feito de que se trata dun plan vello que non está incluído no cadro de recoñecementos aprobado polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas. Desde a Consellería informan que a proposta de inclusión dos títulos no catálogo emana dos propios centros.
Inicio: 08/01/2013		
Remate: 16/01/2013		
	Actuacións	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dirección do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Tras analizar a documentación correspondente, apréciase que no catálogo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o ano 2012-2013, figura un recoñecemento de créditos para o título obtido polo plan novo (plan LOE), e que no Real decreto en que se establece este último recóllese explicitamente que o título para extinguir terá os mesmos efectos profesionais e académicos que o novo título. Por outra banda, a alumna viña de rematar os seus estudos polo plan vello e aínda non saíra a primeira promoción do plan novo. Con base nestes fundamentos, recoméndase á interesada presentar un recurso de alzada ante o reitor e, ao tempo, solicitar da Dirección Xeral de Educación Profesional e Innovación Educativa a inclusión no catálogo do título correspondente ao plan LOXSE. A interesada presenta recurso de alzada e o caso resólvese favorablemente para ela.

#### CASO 502/280 Data 18/02/2013

Reclamante: Alumnos/as	Motivo	No acceso a un segundo ciclo procedentes doutra universidade, as validacións que lle conceden non se axustan á normativa legal que resulta de aplicación, polo que resulta un número excesivo de créditos para cursar.
Inicio: 18/02/2013		
Remate: 20/09/2013		
	Actuacións	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dirección do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Vista a normativa que sería de aplicación, todo parece indicar que en efecto, o acceso á nova titulación está regulado de xeito que, en

---

ningún caso, a suma dos créditos cursados previamente e os que se deban cursar no segundo ciclo poderá superar a carga lectiva total do plan de estudos. Suxíreselles aos alumnos que presenten unha reclamación no centro.

O centro resolve negativamente a reclamación, tras o cal os alumnos solicitan de novo asesoramento do valedor. Analizada a resolución emitida polo centro, o valedor universitario recoméndalles presentar un recurso de alzada, pois deste xeito o asunto dirimiríase normalmente con base nunha interpretación da norma por expertos do Servizo de Organización Académica.

---

**CASO 517/294** Data 10/06/2013

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	A dous titulados nun centro da UDC denégaselles o recoñecemento de materias para cursaren un grao noutro centro, a pesar de que entre o actual grao que substitúe ao seu título e o novo grao que pretenden cursar existe un recoñecemento directo desas materias, e que tamén existe recoñecemento directo desas mesmas materias para o paso do plan en extinción ao grao da súa propia titulación. Tampouco se lles recoñecen outras dúas materias por outros títulos que gardan estreita relación co seu contido e competencias (un mestrado non oficial e un título de técnico superior). Os recoñecementos foron xa denegados tanto polo centro como por resolución reitoral.
--------------------------	--------	--

Inicio: 10/06/2013

Remate: 31/07/2013

---

Actuacións	Reitor e Servizo de Organización Académica.
------------	---

---

Resolución	Os interesados reúnen co valedor, coméntanlle o seu caso e fanlle entrega da resolución reitoral favorable que obtivera un compañeiro deles o curso pasado en similares circunstancias no que respecta ás materias con recoñecemento directo. O valedor comenta o caso co reitor e comunícalles aos alumnos que recorran de novo ante o reitor presentando esa evidencia. O caso resólvese favorablemente para as materias con recoñecemento directo. O recoñecemento das outras dúas materias segue sen aceptarse pois as titulacións cursadas, aínda que con recoñecemento oficial para o exercicio profesional, non son títulos universitarios e no plan de estudos sometido a verificación do grao que se vai cursar non se considera aínda ese tipo de recoñecementos.
------------	--

---

**CASO 519/296** Data 25/05/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Non lle recoñecen créditos de materias cursadas nun grao de ensinanzas artísticas por créditos de materias dos estudos de grao universitario. Na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respóndenlle negativamente á súa solicitude de inclusión do seu título na listaxe de recoñecemento de 30 créditos por ter cursado un ciclo superior, coa indicación de que a súa titulación é un ciclo artístico e que se trata dun réxime especial que non se inclúe na listaxe. Considera que existe un agravio comparativo.
--------------------	--------	--

Inicio: 10/06/2013

Remate: 11/06/2013

---

Actuacións	Normativa académica e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
------------	---

---

Resolución	Infórmase á alumna da normativa en vigor e de como o Real decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, considera non só o recoñecemento entre títulos de formación profesional superior e ramas de coñecemento de ensinanzas universitarias de grao (o único considerado até o momento no convenio de colaboración asinado pola Consellaría de Educación e as tres universidades do SUG), senón tamén o recoñecemento entre estas últimas e outros estudos superiores non universitarios, entre os que se inclúen os
------------	---

---

---

títulos de grao de ensinanzas artísticas.

No entanto, os convenios pódense modificar ou mesmo poderían asinarse novos convenios para dar cabida a todo tipo de titulacións superiores non universitarias e non so ás titulacións de formación profesional. Así, o valedor universitario comunica á interesada que recomendará aos órganos competentes da UDC a conveniencia e a urxencia de que desde ela se dean os pasos oportunos para facelo posible, na medida das súas competencias. Nunha reunión posterior do valedor universitario coa adxunta de títulos da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxía (representante da UDC na comisión mixta) e mais co xefe do Servizo de Organización Académica, débátese sobre o asunto e sobre a importancia de que a UDC tome un papel activo na consecución destes obxectivos.

---

#### **CASO 520/297** Data 27/05/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Logo de cursar un ciclo formativo de grao superior, reclama que se lle recoñezan 12 créditos (2 materias) que foron incluídos o 5 de decembro de 2012 no convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas.
Inicio: 13/06/2013		
Remate: 13/06/2013		
	Actuacións	Normativa académica.
	Resolución	Sobre este asunto xa se producira unha resolución reitoral que corroboraba a denegación da súa solicitude. Explícaselle ao interesado o proceso de incorporación de novos recoñecementos ao catálogo, que non sempre se produce dentro do prazo de matrícula, no que debe solicitarse o recoñecemento e a transferencia de créditos. O prazo rematará o 31 de outubro para os estudos de grao e as incorporacións posteriores poderían provocar efecto o vindeiro curso académico.

---

#### **Curso 2011/2012**

#### **CASO 444/221** Data 21/10/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación de recoñecemento de créditos por experiencia profesional.
Inicio: 21/10/2011	Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
Remate: 11/11/2011	Resolución	Emítase un informe, que se lle envía á reclamante, ao reitor, a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións e á decana do centro en que, logo de analizar a lexislación e a normativa de aplicación, e tras salientar que cando foron verificados os plans de estudos agora en vigor na UDC o recoñecemento de créditos por experiencia laboral e profesional aínda non fora recollido pola lexislación, se recomenda un esforzo suplementario dos órganos de goberno da universidade para poder dar unha rápida e eficaz resposta ao recoñecemento de todo tipo de créditos a que a lexislación vai dando cabida.

---

#### **CASO 449/226** Data 25/10/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Non recoñecemento de créditos por estudos de formación profesional aos que se considera ter dereito.
Inicio: 25/10/2011	Actuacións	Administración e dirección do centro.
Remate: 07/11/2011	Resolución	Infórmaselle ao alumno de que para o recoñecemento dese tipo de créditos existe un catálogo aprobado no marco dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas, e que o grao para o que solicita o recoñecemento figura na relación de estudos

---

---

universitarios sen táboa de recoñecemento directo de créditos. Comunicáselle, así mesmo que, segundo informan desde o centro, o asunto xa fora estudado no seu día e non se vira nin correspondencia nos contidos nin nas competencias das materias de ambos os estudos.

---

**CASO 458/235** Data 20/12/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Recoñecemento de créditos insuficiente por materias superadas noutras titulacións e mais por ampla experiencia profesional.
Inicio: 20/12/2011		Resolución de desestimación pouco motivada.
	Actuacións	Normativa.
Remate: 16/01/2012	Resolución	Comunicábase ao reclamante que o recoñecemento de créditos por experiencia profesional debe figurar nos plans de estudos verificados e que, recentemente, con ocasión dun caso semellante, desde a Oficina do Valedor Universitario se remitiu un informe aos órganos de goberno correspondentes en que se solicitaba unha rápida e eficaz resposta ao recoñecemento de todo tipo de créditos a que a lexislación vai dando cabida. En relación coa validación de materias, transmíteselle que, se considera que non é a que lle correspondería e que a resolución que as desestima non está suficientemente motivada, pode interpoñer un recurso de alzada.

---

**CASO 463/240** Data 01/02/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Non validación dunha materia aprobada na convocatoria de decembro para un estudo propio e non devolución das correspondentes taxas de matrícula xa aboadas.
Inicio: 07/02/2012		Dificultades para rematar os estudos nun plan en extinción e información sobre posibles alternativas.
Remate: 01/06/2012	Actuacións	Administración do estudo propio, LERD, Servizo de Organización Académica e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías
	Resolución	O asunto referido á validación e ao pagamento de taxas de validación resólvese favorablemente ao teren lugar novas reunións da comisión académica do estudo propio e máis da Comisión de Plans de Estudos da UDC. Canto ás materias de plans que se van extinguir, infórmase sobre dous acordos aprobados polo Consello de Goberno da UDC: “Acordo sobre convocatorias en titulacións únicas no SUG” e “Acordo sobre convocatoria para alumnos de plans extinguidos”

---

**Curso 2010/2011**

**CASO 392/169** Data 17/09/2010

Reclamante: Alumna	Motivo	Problemas coa validación de materias tras o traslado de expediente.
Inicio: 17/09/2010	Actuacións	Normativa.
Remate: 21/09/2010	Resolución	Infórmase á reclamante sobre as competencias nesa materia, normativa e prazos.

---

**CASO 397/174** Data 13/12/2010

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación de validacións por falta de documentación, non notificada pola administración e non aceptada fóra de prazo.
Inicio: 16/12/2010	Actuacións	Administración e dirección do centro.
Remate: 23/12/2010	Resolución	Comunicábase á alumna a disposición do decano a tratar de solucionar o asunto, polo que debe contactar con el e achegarlle

---

---

toda a documentación.

---

**CASO 403/180** Data 16/02/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Non se acepta a modificación para a validación de materia cursada como Erasmus pola materia solicitada.
Inicio: 17/02/2011	Actuacións	Administración do centro.
Remate: 18/02/2011	Resolución	Infórmase ao reclamante dos motivos de que non se validase a materia, comunícaselle que o prazo para a ampliación de matrícula aínda non rematou e comunícaselle a disposición da administración e do coordinador do centro para tratar o tema.

**CASO 428/205** Data 11/07/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Problemas con validación de materias cursadas como Erasmus con imposibilidade de rematar a diplomatura para acceder ao grao no próximo curso.
Inicio: 12/07/2011	Actuacións	Coordinadora de intercambios do centro.
Remate: 14/07/2011	Resolución	Nun detallado informe, que se lle comunica ao alumno, a coordinadora fai un relato do sucedido en que destaca que non todos os destinos son axeitados para todas as titulacións polas materias que se poden validar e que a dita consideración debe ser o factor fundamental que un alumno debe ter en conta cando solicita a mobilidade; conclúe que a pesar dos requirimentos efectuados por ela mesma: 1) O alumno non se axusta ao procedemento administrativo establecido, ou cando menos a día de hoxe segue sen ter constancia diso. A maiores da copia da folla de "Modificación do contrato...", debe enviar a folla de "Changes..." debidamente cuberta e asinada polo coordinador de destino. 2) Procurouse facilitar, por todos os medios, que o alumno cumprira co trámite. 3) Por suposto, se se demostrase que o alumno cumprira axeitadamente co trámite e remitiu a documentación correctamente, non haberá problema ningún en solucionar este asunto.